


EXIPTO



**BIBLIOTECA
IES AS MARIÑAS
NOVEMBRO 2010**




100 cosas que deberías saber sobre el antiguo Egipto

Un libro para adentrarte nos segredos desta impresionante civilización. Pirámides e templos, vida cotiá e relixión, adiviñas e feitos curiosos, ...

Este libro ensinarache a fabricar un amuleto exipcio ou a escribir o teu nome con xeroglíficos.





En pleno deserto nace unha das civilizacións máis importantes da historia e cando outros pobos vivían dunha agricultura precaria, os exipcios lían, escribían, eran uns ases en medicina e ademais construían pirámides e templos.



Egipto


Na primeira parte do libro descubriremos a importancia do Nilo na vida e na economía de Exipto, os deuses e a construción das pirámides.

Na segunda parte, adentrarémonos na pirámide de Gizah, no Val dos Reis, na tumba de Tutankamón e no gran templo de Abu Simbel.



Cita con las momias

Os exipcios momificaban os corpos humanos porque crían que os seus propietarios seguirían necesitándoos despois de morrer. Para os exipcios, a morte non era o final da vida, senón outra etapa máis do seu ciclo vital.



Tras los pasos de los dioses egipcios

Os deuses do antigo Exipto eran moi numerosos. Algúns deses deuses, como Osiris, a divindade dos mortos, a súa esposa Isis e o seu fillo Horus, gozaron dunha gran estima en Exipto.



El Nilo a través del tiempo


Explora 4.500 anos dunha vida rica e variada ao longo do Nilo. Convértete en testemuña das bulideiras rutas de Exipto en Asúan, dun festival espectacular en Tebas, dos enfrontamentos ruiros gregos en Alexandría, e de moito máis. Percorre 7.500 km desde o nacemento do Nilo ata o mar Mediterráneo.

Esos asombrosos egipcios

Que faraón tiña a cara chea de grans? Por que algúns faraóns tiñan que levar barba falsa? Por que?...

Entérate dalgúns feitos horribles sobre a morte e a putrefacción; aprende algunhas repugnantes receitas de doces de hai 3.000 anos...


A historia nunca foi tan horrible!



El antiguo Egipto


Isis, Osiris, o templo de Karnak, as pirámides de Giza e a esfínxe, os xeroglíficos, o papiro, as momias, a mitoloxía, a arte e a vida cotiá do Exipto dos faraóns ao alcance da túa man.

¡ Aprende e sorpréndete!



Cleopatra y su serpiente

Poida que oíses falar dela... é terriblemente famosa por: liarse con Julio César e Marco Antonio, pasarse co lapis de ollos e ter un desagradable incidente cunha serpe. Pero: sabías que casou cos seus dous irmáns?, que era moi intelixente e falaba nove idiomas e que fixo matar a súa irmá.?



Me llamo... Cleopatra

A miña vida foi moi intensa. Convertíme en raíña de Exipto aos dezaoto anos e loitei sen descanso polo meu país. Non fun desleal e manipuladora como algúns me quixeron pintar. Chegou o momento de que eu mesma vos conte a miña historia.




Cleopatra la divina

Dende nena, a filla do rei de Exipto chamaba a atención: fascinábana os idiomas, a astronomía e as matemáticas. Pero a verdadeira paixón de Cleo era o mundo do espectáculo. E vaia se soubo dalo!!!!

Asterix e Cleopatra

Estamos en Alexandría, capital do reino de Exipto, no palacio de Cleopatra, a raíña lendaria, de quen se dixo que, se o seu nariz fose máis curto, a face do mundo tería cambiado..

Asterix, Obélix, Paronámix, Asurancéturix e Abraracúrcix, acompañan a Cleopatra nesta aventura.






Bajo la arena de Egipto

Autor: Philippe Nessmann

O Val dos Reis, 1922. Durante cinco anos, Howard Carter estivo escavando a area exipcia seguindo as pegadas do misterioso Tutankamón. Ten a sensación de que a súa vida está intimamente ligada á do faraón.

Novela de aventuras, misterio, histórica.



El antiguo Egipto al descubierto

Fotógrafos especializados e innovadores grafistas combinan o seu talento para que poidas ver os tesouros do antigo Exipto.


Descubrirás qué hai tras a máscara de Tutankamón, qué guardaba a adegadunha barca do Nilo...



Muerte en el Nilo


Autora: Agatha Christie

O azar reúne, durante un cruceiro polo Nilo, a personaxes inquetantes nun ambiente cargado de sensualidade e codicia. Un pequeno revólver, un extraño crime, e un enigma máis para un pasaxeiro que se distingue dos demais: Hércules Poirot.



Deuses e faraóns da mitoloxía exipcia


Dende o mito da creación, ata as aventuras do faraón ou a sabedoría dun paisano; os deuses andan metidos en todo, porque eles non só se atopaban nos templos, senón que formaban parte da vida cotiá.



Las momias, un viaje a la eternidad

Os embalsamadores de Exipto, herdeiros dunha pericia con dous milenios de antigüidade, lograron a impresionante fazaña de conseguir que o morto conservara a expresión do vivo.

Este libro é unha boa mostra da súa arte.




Arqueología de las ciudades perdidas: Egipto

O honor, a ledicia e a sorpresa de sacar á luz no ano 1922 a tumba de Tutankamón recaeron en Howard Carter, inspector xeral de antigüidades de Exipto. O descubrimento desta tumba constitúe un dos capítulos máis espléndidos da arqueoloxía mundial.

Secretos de... los egipcios

Este libro explora e explica o mundo dos antigos exipcios. Dende a construción das súas extraordinarias pirámides e templos ata a vida cotiá das familias exipcias; en cada páxina encontrarás información que che axudará a comprender esta importante civilización.



Cal era a súa relixión?

Por que momificaban os seus mortos e como o facían?

Que expresan as súas obras de arte?


Quen eran as mulleres dos faraóns?



El abrazo del Nilo


Autora: Monserrat del Amo

Un extraordinario libro de aventuras, porque, para dous rapaces novos, deslizarse mil quilómetros en piragüa polo longo e misterioso Nilo, non é precisamente como dar unha volta polo barrio...



Yo... Tutankamón


O meu mandato foi breve, pois falecín aos dezanove anos a causa dun accidente. Fun enterrado no chamado Val dos Reis, e alí descansei máis de tres mil anos entre fabulosos tesouros e regalos que foron depositados na miña tumba.



No Exipto de Ramsés II

Este libro trata de Hori, un rapaz de nove anos, que viviu na época do faraón Ramsés II. A súa familia vive nunha casa grande rodeada por un xardín no que medran vides e figueiras; e tamén hai unha ampla piscina onde se poden bañar os nenos.

Biblioteca As Mariñas en escritura xeroglífica:





Naguib Mahfuz foi un escritor que naceu na cidade do Cairo (Exipto) no ano 1911 e morreu na mesma cidade en 2006.

No ano 1988 obtivo o Premio Nobel de Literatura, sendo o primeiro escritor árabe que conseguía dito galardón.

Dende 1996 ata a súa morte estivo recluído na súa casa por ser sentenciado a morte por grupos radicais islámicos, xa que o consideraban un “herexe”. Nun ataque perpetrado dous anos antes xa lle deixaran graves danos na vista e nos oídos.

A súa obra “ A triloxía do Cairo”, formada por “Entre dous palacios”, “Palacio do desexo” e “ A azucreira”, foi considerada pola Academia sueca como *unha demostración da arte árabe, a cal posúe validez universal*.

Esta triloxía e máis outras obras do autor poderalas atopar na nosa biblioteca.




Entre dos palacios



Palacio del deseo




La azucarera




El callejón de los milagros



El día que mataron al líder



Tras la celosía



Exipto é un país de África situado no seu extremo nordeste e inclúe a península do Sinaí (que pertence ao continente asiático). A súa capital é O Cairo.

É un dos países con máis poboación de África, cunha maioría habitando nas ribeiras do río Nilo e no delta onde están as zonas de terra fértil.

Exipto é famoso pola súa civilización antiga e os seus monumentos, como as pirámides e a esfínxe. A cidade meridional de Luxor contén un grande número de restos antigos, tales como o templo de Karnak e o Val dos Reis.

EXIPTO NO CINE




Agora

Século IV. Exipto baixo o Imperio romano. As violentas revoltas relixiosas nas rúas de Alexandría acadan a súa lendaria biblioteca. Atrapada tras os seus muros, a brillante astrónoma Hipatia loita por salvar a sabiduría do Mundo Antigo coa axuda dos seus discípulos.



A momia

O lexionario Rick O'Connell e o seu socio descubren durante unha batalla en Exipto as ruínas de Hamunaptra, a cidade dos mortos. Pasado un tempo, este descubrimento permitiralle salvar a súa vida e volver ao lugar cunha exiptóloga e o seu irmán, onde coinciden cun grupo de americanos.



Ramsés II

O seu reinado, que durou 66 anos, foi, posiblemente, o máis prestixioso da historia exipcia tanto no aspecto económico e administrativo como no cultural e militar.

Visita o noso blogue:

<http://bibliotecamarinas.blogspot.com>